



ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA

CELEBRADA O DÍA 26 DE XANEIRO DE 2017

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIRAS/OS

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

D. ARGIMIRO SERÉN MERA

DONA PAOLA MARIA MOCHALES

D. LINO MOURIÑO SANTIAGO

DONA SONIA OUTÓN CASAL

D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN

DONA LUZ M^a ABALO PÉREZ

D. TOMÁS FOLE DÍAZ

DONA ROCÍO A. LLOVO DEL RÍO

DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO

D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ

DONA ANA M^a GRANJA GUILLÁN

D. ANGEL BENITO PÉREZ DORGAMBIDE

DONA SAGRARIO CASTRO VIDAL

D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ

DONA MARÍA MOSQUERA LEAL

D. MIGEL ALVES LAGO

D. XAVIER RÍOS GONZÁLEZ

DONA LUCÍA CESAR VELOSO

D. GASPAR ANTONIO GONZÁLEZ SOMOZA

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 26 de xaneiro de 2017, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os señores Concelleiros, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 29 de decembro de 2016.

2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes decembro de 2016.

3. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.

4. Proposta da Alcaldía sobre a substitución de D. Tomás Fole Díaz no Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa.

5. Proposta da Alcaldía de incoación e tramitación de expediente de concesión de honores e distincións a favor D. Luís Pando Rivero e D. Laureano Gómez-Paratcha, así como para dar o seu nome a dúas rúas do Concello.

6. Moción do grupo municipal do BNG sobre a imposición dunha taxa pola utilización ou aproveitamento do dominio público local polas empresas titulares de instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas ou hidrocarburos.

7. Moción do grupo municipal do BNG contra a exclusión sanitaria imposta polo Real Decreto Lei 16/2012, petición da súa derogación e restitución do acceso universal ao sistema sanitario.

8. Moción do grupo municipal do PP sobre a posta en marcha das cafeterías/bares dos centros socioculturais de Vilagarcía.

9. Moción do grupo municipal do PSdG-PSOE sobre desenvolvemento da Lei de Dependencia.

10. Moción do grupo municipal do PSdG-PSOE sobre desenvolvemento da Lei de Integración Social de Galicia.

11. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.

12. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.

13. Rogos e preguntas.

14. Quenda de rogos e preguntas entre o público asistente á sesión.



1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 29 DE DECEMBRO DE 2016..- Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta correspondente á sesión plenaria de data 29 de decembro de 2016.

- O Sr. López Rodríguez pide que se suprima da acta, no punto 9 da orde do día, na súa intervención, a frase "*Xa que se falta tanto do Parque da Coca, pide un acceso da AP-9 ao Parque da Coca*".

Coa supresión da frase indicada aprobase por unanimidade a acta da sesión anterior de 29 de decembro de 2016.

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE DECEMBRO DE 2016: Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DE DATAS ANTERIORES:

Nº	DESCRICIÓN
2	Iniciación de oficio de expedientes sancionadores de tráfico

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE DECEMBRO DE 2016:

Nº	DESCRICIÓN
1	Orden prazo de tres meses para solicitar licenza municipal para legalización obras
1	Orden prazo para limpeza vexetación muro e restauración do mesmo
3	Incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística
2	Declaración de caducidade procedemento reposición da legalidade urbanística iniciado e incoación novo expediente
2	Arquivo de expediente de reposición da legalidade urbanística
1	Arquivo expediente aberto adopción medidas de seguridade en elementos exteriores de inmovible
9	Concesión de licenza de obra de canalización
1	Concesión de licenza de primeira ocupación e acometida e conexión á rede de saneamento
1	Conformidade a proxecto de execución obras remodelación nave
9	Concesión de licenza de obra maior
3	Legalización de obras e/ou instalacións
1	Concesión de cambio de titularidade licenza de obra maior
1	Concesión de licenza para exercicio de actividade
1	Aceptación recepción obras de urbanización
1	Aprobación definitiva Estatutos entidade conservación Plan Parcial de Ordenación
1	Concesión de prórroga de un ano para finalización de obras
1	Remitir a Pleno expediente do Plan Especial de Desenvolvemento da Unidade de Execución UEI-21
1	Aceptación cesión de terreos afectados por aliñación
1	Concesión de licenza para segregación parcela
1	Iniciar expediente de declaración de ruína de inmovible
5	Aceptación de comunicación previa para inicio e desenvolvemento de actividade
29	Aceptación de comunicación previa para realización de obras
2	Denegación de comunicación previa para realización de obras
3	Concesión de licenza de obra menor
1	Aceptación renuncia a licenza municipal de obras



- 1 Aceptación desestimiento expediente de legalización de rótulo
- 3 Nomeamento de funcionario/a interino/a
- 2 Orden dedución proporcional haberes a empregado alumno obradoiro de emprego por ausencia non xustificada
- 1 Requirir a empregado municipal xustificación do uso do crédito de horas sindicais.
- 1 Realización de trámite de audiencia a empregado municipal por ausencia do servizo non xustificada
- 1 Nomeamento Secretario Suplente tribunal selección formación de Bolsa de Emprego
- 1 Fixación lugar e dato probas e nomeamento de Tribunal selección tres prazas de garda de Policía Local.
- 3 Aprobación lista definitiva, fixación lugar e dato probas e nomeamento tribunais para Formación Bolsas de Trabajo.
- 1 Cese empregado como funcionario interino.
- 1 Extinción de relación laboral de empregado municipal po Sentenza firme.
- 3 Concesión de gratificación especial por diferenza de retribucións complementarias
- 1 Recoñecemento e aboamento en nómina de gratificacións por festivos
- 1 Recoñecemento e aboamento en nómina de servizos prestados en xornada nocturna
- 1 Recoñecemento e aboamento en nómina de servizos prestados en domingo
- 1 Designación de Tesoureira Accidental.
- 1 Designación de Secretaria Xeral Accidental.
- 1 Delegación na Primeira Tenente de Alcalde funcións da Alcaldía
- 1 Concesión de prórroga no prazo de execución de obras municipais
- 1 Avogar puntualmente competencias delegadas na Xunta de Goberno Local
- 1 Adxudicación de traballos incluídos en proxecto de obras municipais
- 2 Aprobación Plan de seguridade e saúde obras municipais
- 1 Inscripción de Asociación en Rexistro Municipal de Asociacións
- 1 Prórroga créditos iniciais orzamentos de gastos do Concello do exercicio 2016 ao 2017.
- 2 Aprobación de expediente de Modificación de Créditos de Xeración de Créditos de natureza non tributaria
- 5 Aprobación de expediente de Modificación de Créditos de Transferencias de Créditos
- 1 Inadmitir reclamación presentada contra aprobación inicial expte. De modificación de ordenanzas fiscais
- 3 Orde de pago de facturas
- 1 Concesión de fraccionamento de recibos/liquidacións
- 37 Compensación de oficio de débito e crédito
- 1 Orde de cambio de titularidade no Catastro Inmobiliario de diversas fincas
- 2 Aprobación de gasto aportacións ao Plan de Pensións
- 11 Declaración de sobresemento actuación en expediente sancionador de tráfico
- 4 Declaración de prescrición de infracción de tráfico
- 1 Imposición de sancións expedientes sancionadores de tráfico
- 6 Iniciación de oficio de expedientes sancionadores de tráfico
- 28 Desestimación de alegacións formuladas en expedientes sancionadores de tráfico
- 6 Representación e defensa dos intereses do Concello exercida por Letrado en procedemento xudicial

TOTAL: 221

O Concello Pleno queda sabedor.

3. TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓNS OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE



DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS:

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Están presentadas as seguintes solicitudes de participación cidadá:

- D. Xurxo Abuín Rodríguez, en representación da AAVVCC"O Souto", en relación coa moción presentada polo PP sobre as cafeterías instaladas nos Centros Culturais.
- O Sr. Fole Día di que non pode intervir o Sr. Abuin por non solicitar a intervención con 24 horas de antelación, tal e como establece o Regulamento Orgánico do Pleno.
- O Sr. Alcalde contesta que xa interviñeron outros veciños en similares condicións ás actuais.

A seguir alérase a Orde do Día do Pleno, pasando a tratar a continuación o asunto que figura co número 8 na Orde do Día:

8.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE A POSTA EN MARCHA DAS CAFETERÍAS/BARES DOS CENTROS SOCIOCULTURAI DE VILAGARCÍA.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE, en sesión celebrada o día 23 de xaneiro de 2017, do seguinte teor:

. Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do PP coa data de 18 de xaneiro de 2017, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario a celebrar o próximo día 26 de xaneiro de 2017 a seguinte MOCIÓN:

“Posta en marcha das cafeterías/bares dos centros socioculturais de Vilagarcía”

EXPOÑEN

Que os veciños e usuarios dos diferentes centros socioculturais de Vilagarcía levan tempo demandando a posta en marcha do servizo de cafetería/bar nestes espazos.

A demanda social vai en aumento a medida que pasa o tempo e parece este un momento axeitado para acometer esta aposta de dotación de máis e mellores servizos a estes emprazamentos.

A posta en marcha destes servizos ten unha dobre lectura: Por unha banda os usuarios habituais e ocasionais poderán beneficiarse dun servizo do que agora carecen, e por outra banda, pode ser unha saída profesional para aquelas persoas que poidan atopar un posto de traballo.

A creación de emprego en Vilagarcía segue a ser unha das apostas máis importantes de todas as administracións, e desde Vilagarcía é posible contribuir a buscar solucións concretas.



É preciso por tanto calibrar as necesidades e peticións de cada centro sociocultural e poñer en marcha os mecanismos para que os interesados poidan concorrer a este servizo con plenas garantías de transparencia e igualdade de condicións no proceso de adxudicación.

A posta en marcha dun servizo similar no campo do Manuel Jiménez e do pavillón de Fontecarmoa refrendan a viabilidade deste tipo de proxectos e a boa acollida entre os usuarios.

Co obxectivo de acadar esa dobre meta de dotar de máis servizos a estes centros e quitar a vilagarcíans do desemprego, este grupo municipal

SOLICITA

- Que se estudien os diferentes casos dos centros socioculturais de Vilagarcía para coñecer as posibilidades e a viabilidade para a posta en marcha do servizo de cafetería/bar nestes emprazamentos.
- Que se saquen a concurso estes servizos para dotar de maior oferta ós centros socioculturais e para xerar novos postos de traballo.

Asdo. Ana Granja – Concelleira do grupo municipal do PP

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PP informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, EU, BNG e Somos Maioría, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a moción presentada polo grupo municipal do PP sobre a posta en marcha das cafeterías/bares dos centros socioculturais de Vilagarcía

- Intervén o Sr. Abuín Rodríguez e sinala que as AAVV dos Centros Veciñais actúan gratuitamente e o concurso das cafeterías levaría ao peche dos Centros Socioculturais.

Pide que se derroque o Regulamento actual, que se vote en contra da moción e se aprobe outro Regulamento.

- Intervén o Sr. Fole Díaz dicindo que o Sr. Abuín Rodríguez ven dando clases dun tema do que considera maxistral. Aquí está a democracia, non a súa Sr. Abuín e o seu coñecemento.

O Sr. Abuín renunciou dúas veces do cargo cando era Concelleiro. Debe respectar cando entre aquí aos presentes e a súa opinión. Trouxo aquí xente en relación co Regulamento do ano 2013 e dixeron que se ía a cobrar polas instalacións culturais e era falso.

Di o Sr. Fole que él non ten ningún interese persoal, o grupo municipal do PP ten sete concelleiros/as e defenden a todos/as veciños.

O Sr. Abuín vulnerou a democracia cando veu aquí no ano 2013. Ese regulamento xa veu a Pleno nesta legislatura co PSOE e so modificaron os locais de ensaio.

No anterior goberno sacaron a concurso as cafeterías de Fontecarmoa e Manuel Jiménez.

- Intervén o Sr. Alcalde dicindo que se modificará o Regulamento actual.

- Intervén o Sr. González Somoza dicindo que non apoia a moción. En Febreiro de 2013 impúxose un Regulamento para os Centros Sociais, as AAVV cargan coa limpeza de locais e tivo contestación das AAVV propuxeron un Regulamento consensuado, e débese traer a Pleno ese Regulamento alternativo e non apoia a Moción.

Pide que se convoque o Consello Veciñal que se implante, concelleiro 22, e que se aprobe un novo regulamento para os espazos públicos e dacordos coas asociacións.

- Intervén o Sr. Ríos González dicindo que o PP tenlle declarada a guerra ás AAVV e colectivos. Sacou unha Ordenanza sen contar cos colectivos e AAVV.



O BNG opúxose ao Regulamento. Non atendía as aportacións das AAVV.
Agora o PP reclama consenso.

Ten que haber consenso coas AAVV e redactar un novo Regulamento .O Servizo de cafetería non é rendible e ninguén podería vivir do mesmo, e ademais pecharía a porta ás AAVV.

O BNG oponse á Moción e débese poñer en marcha o Consello Veciñal e da cultura para redactar un novo Regulamento.

- Intervén o Sr. López Rodríguez dicindo que EU non está de acordo coa Moción. Deben ser os veciños Centros Culturais cos que temos que contar. Hai que programar cultura en tódolos Centros Culturais. Débese poñer en marcha o Consello da Cultura para tratar o tema do Regulamento e encher de contido os Centros Culturais.

Fálase de Manuel Jiménez e Fontecarmoa, non estamos de acordo coa concesión das cafeterías. Débese prestar apoio aos veciños para que estean dentro da Lei. A maior puntuación desas cafeterías foi o canon e débese primar aos parados de longa duración.

Non se debe mercantilizar as cafeterías das AA.VV.

EU non apoia a moción.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que unha vez mais o Sr. Fole enche de colectivos o Salón de Plenos. O PSOE rexeitou o Regulamento do PP en marzo de 2013. Dende marzo de 2013 non fixo nada e non o aplicou e agora pide que se aplique.

As cafeterías teñen que ser levadas polas AA.VV.

O actual grupo de goberno recuperou as axudas ás asociacións culturais, modificarán o Regulamento, pero leva tempo corrixir os desaguizados do Sr. Fole.

Agradece aos colectivos a asistencia ao Pleno e convida aos grupos a modificar o Regulamento.

O PSOE rexeita a moción.

- A seguir o Sr. Fole da lectura á moción.

Trátase de regularizar un uso que ten un risco para as AAVV. Cando hai máis de un colectivo que quere asumir esa xestión, ¿que pasa?. É falso que non fixeran nada, en Fontecarmoa e Manuel Jiménez o fixeron.

Unha AAVV elaborou un prego e se saca a concurso unha cafetería nun Centro Veciñal.

O PSOE recuperou as axudas económicas porque había cartos no caixón.

- Intervén o Sr. Ríos González dicindo que, en definitiva, insistir que o beneficio do uso das cafeterías debe reverter no centro veciñal.

Ao Sr. Fole lle di que non representa máis a democracia que o Sr. Abuín Rodríguez, que veu a expresar a súa opinión.

- Intervén o Sr. López Rodríguez dicindo que se mañá hai varias AAVV, sería un bo síntoma de dinamización. Non se debe primar o tema económico, hai que artellar para que as AAVV non perdan cartos.

Co concurso se pon en perigo a cultura.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que se gastaron polo actual goberno 20.000 € para os centros culturais, pouco máis que o que gastou no mobiliario da Alcaldía o Sr. Fole.

Hai que modificar tamé a famosa ordenanza de circulación.

- Intervén o Sr. Alcalde dicindo que non esixan que saquen en ano e medio adiante o que no fixeron antes de catro anos. Agora fala que hai que modular o tema dos Centros Culturais, pero dixeron que o farían de inmediato, isto saiu na prensa.



Tamén dixeron que renovarían os convenios dos Centros Culturais e non o fixeron. Aprobaron un Regulamento Cultural e non o aplicaron. Regulamento de circulación, terrazas, etc. pasou o mesmo.

Agora pide aplicalo pero van a modificalo. O día que as AAVV se cansen das casas de cultura, as vai comer o Concello.

Sometida a votación a moción presentada polo Grupo Municipal do PP, da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con sete votos a favor dos membros pertencentes ao grupo político municipal do PP (7), e catorce votos en contra, pertencentes ós membros dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8), EU (3), BNG (2) e Somos Maioría (1)

ACÓRDASE: Por maioría rexeitar a moción presentada polo grupo municipal do PP sobre posta en marcha das cafeterías/bares dos centros socioculturais de Vilagarcía.

4.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A SUBSTITUCIÓN DE D. TOMÁS FOLE DÍAZ NO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA AUTORIDADE PORTUARIA DE VILAGARCÍA DE AROUSA: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE, en sesión celebrada o día 23 de xaneiro de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da proposta da Alcaldía do seguinte teor:

○ Pleno da Corporación Municipal, en sesión celebrada 24 de setembro de 2015 acordou aprobar a moción de urxencia presentada pola Alcaldía na que se recollía a Organización Municipal do Concello, e no seu punto 2, apartado 2º, aprobábase a representación do Concello no Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa, seguinte: acordou, entre outros, o seguinte acordo:

1 Representante do PP

1 Representante do BNG

No Pleno da Corporación de data 26 de novembro de 2015, deuse conta do nomeamento de representantes do Concello nos distintos órganos colexiados, figurando entre outros os seguintes:

2º.-CONSELLO DE ADMÓN. DA AUTORIDADE PORTUARIA DE VILAGARCÍA DE AROUSA:

-D. Tomás Fole Díaz – Grupo municipal PP

- Xavier Ríos González – Grupo municipal BNG

Tendo en conta a renuncia presentada por D. Tomás J. Fole Díaz con motivo da súa toma de posesión da acta de Deputado Nacional no Congreso dos Deputados, en Madrid, é necesario o nomeamento de outro representante do Concello.

Polo exposto, propónse ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte,

ACORDO:

Dar conta da renuncia de D. Tomás J. Fole Díaz e designar a D. Lino Mouriño Santiago como representante municipal no Consello de Administración da Autoridade Portuaria en substitución do mesmo.

Vilagarcía de Arousa, 17 de xaneiro de 2017.

O ALCALDE,

Alberto Varela Paz

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente.



As/os representantes dos grupos municipais de EU, BNG e Somos Maioría, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

Os/as representantes do grupo municipal do PP informan desfavorablemente.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a proposta da Alcaldía de designación de D. Lino Mouriño Santiago como representante municipal no Consello de Administración da Autoridade Portuaria, en substitución de D. Tomás J. Fole Díaz.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que a raíz da renuncia do Sr. Fole ao cargo no Porto presenta a designación do Sr. Mouriño Santiago. Hai temas enriba da mesa para o futuro de Vilagarcía, un novo Centro de Saúde na Comandancia, o ímpeto de construír un hotel por parte da Autoridade Portuaria que non apoian dende o Concello, a saída ao mar directa do Río O Con, recuperar o uso público do Peirao de O Ramal, etc.

O representante da Corporación debe asumir o sentir maioritario da Corporación e non se fixo así.

- Intervén o Sr. González Somoza dicindo que o 24 de setembro de 2015 se acordou un representante do PP e 1 representante do BNG para a Autoridade Portuaria. Parece obvio que o grupo de goberno xustifique este cambio.

Non é a súa guerra pero está aquí, está no medio dese fogo cruzado.

O PSOE e o PP asumiron un pacto de cidade e deben desfacer este entorto.

- Intervén o Sr. Ríos González dicindo que ao BNG lle parece ben nova designación, e a valía do Sr. Mouriño Santiago, e non ten nada en contra.

Apoian a proposta da Alcaldía.

- Intervén o Sr. López Rodríguez dicindo que EU non dubida da capacidade do Sr. Mouriño Santiago. O acordo plenario fala dun representante do PP, saía do pacto de cidade, e se beneficiaron dous grupos municipais, non a cidade.

Se deron conta agora, lle sorprende o papel do PP na Autoridade Portuaria.

Pasaron de definir ao Sr. Fole de interlocutor antinatura, a pactar salarios, e aquel acordo a EU non lle gustou. Non van a postularse en contra. Custou 35.000 € mais ao ano o pacto de cidade, e pide que se anule toda a parte do pacto que prexudica á cidadanía.

- Intervén o Sr. Fole Díaz indicando que o Alcalde dixo que tiña que reflexionar sobre este tema e consultar cos grupos, é a crónica dunha vinganza anunciada, vulneran un acordo plenario, non era o ideal para representar á Corporación, ao parecer.

O grupo de goberno é covarde, non fixeron o cese cando se tratou o tema do Centro de Saúde.

O Sr. Fajardo pediu que a súa renuncia fora ao final do Pleno, e se aprobou o do Centro de Saúde no Concello có voto de calidade do Alcalde.

Propón ao ideal, unha persoa que se plantou na porta do Xulgado a facer unha denuncia falsa e lle deron carpetazo dúas veces a esa denuncia. O Sr. Mouriño Santiago foi amoestado dúas veces no Porto e iso lles é igual.

Podería ser calquera Concelleiro hoxe en día. O Sr. Alves podería ser membro da Autoridade Portuaria. O Sr. Alcalde vulnera o acordo de setembro de 2015 pero que o rompa de todo, quere saber si se preguntou aos grupos, sobre este tema.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que falou co Sr. González Somoza deste asunto e co resto dos grupos tamén. Consideran que é a persoa máis idónea o Sr. Mouriño.

O Sr. Fole Díaz non tivo lealdade institucional coa Corporación e o Sr. Ríos González fala co grupo de goberno e o Sr. Fole non.



O Sr. Fole Díaz se reuniu coa Presidenta da Autoridade Portuaria e a Secretaria Xeral de Urbanismo. No ano 2011 pactou nomear ao Sr. Mouriño Santiago e ao Sr. Castro Ratón e despois rompeu os acordos. O único beneficio para Vilagarcía foi o padel en vez de uso portuario, pero o Sr. Fole tiña moito interese e o Sr. Mouriño denunciou unha vertedura de áridos. Deixouse a Comandancia á Asociación de Empresarios.

- Intervén o Sr. González Somoza dicindo que antes da remisión da documentación do Pleno non o consultaron, despois se lles fixo unha aclaración, non unha consulta.

Como cidadán ten dereito a tomar café con quen queira. Critica as formas. ¿Pensaban que o PP ía a consultar co PSOE as súas decisións?.

Non é a súa guerra.

- Intervén o Sr. Ríos González dicindo que o BNG toma as súas decisións. Seguirán na súa liña. Non os vai a cambiar a posición. O Sr. Fole Díaz se considera na oposición real.

- Intervén o Sr. López Rodríguez dicindo que non é a súa guerra, o Sr. Fole Díaz anima a que rompan por completo o pacto.

Os cafés tamén os tomou co Sr. Alcalde antes de ser Alcalde. Invitou aos Concelleiros/as a tomar café. Alá cada quen, cando o Alcalde toma café con membros da Corporación que non son voceiros. Iso non é consultar co voceiro, non.

Salgan do pacto con todo, con valentía.

- O Sr. Fole Díaz di que o Alcalde non di a verdade cando reflexiona. O Sr. Ríos González se dirixe ao goberno para consultar sobre a Autoridade Portuaria, antes a forma de consultar no goberno era ir aos xulgados sen consultar, e acepta o cargo para ir á Autoridade Portuaria.

Causa estupor un café con tres compañeiros da Corporación.

Tomou café coa Sra. García Sanmartín e o Sr. Pose e votaron en contra dos orzamentos no 2011, e falou con compañeiros do Sr. Alcalde pola organización municipal e o interese xeral de Vilagarcía.

- Intervén o Sr. Alcalde indicando que o Sr. González Somoza di que non é a súa guerra. Espera que nos Orzamentos non haxa bandeira branca.

O Sr. Fole Díaz renuncia por acumulación de cargos. Esta decisión ven porque defende o interese do seu partido.

Hai asuntos moi importantes coa Autoridade Portuaria. Todos queren a fachada marítima, pero o Sr. Fole apoia a construción dun hotel, e o goberno local non, quere un crecemento sostible, renovou a empresa da desembocadura do Río O Con a súa concesión.

O Sr. Fole Díaz tivo oportunidade de defender estes temas, pero o Sr. Fole defende os intereses do PP.

Por suposto que o Sr. Mouriño Santiago é a persoa idónea para defender os intereses de Vilagarcía.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con once votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8), BNG (2) e EU (Miguel Alves), tres abstencións dos membros pertencentes aos grupos políticos municipais de EU (2) e Somos Maioría (1), e sete votos en contra, pertencentes ós membros do grupo político municipal do PP (7)

ACÓRDASE: Por maioría designar ao Concelleiro D. Lino Mouriño Santiago como representante municipal no Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa, en substitución de D. Tomás J. Fole Díaz.



5.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE INCOACIÓN E TRAMITACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONCESIÓN DE HONORES E DISTINCIÓNS A FAVOR D. LUÍS PANDO RIVERO E D. LAUREANO GÓMEZ-PARATCHA, ASÍ COMO PARA DAR O SEU NOME A DÚAS RÚAS DO CONCELLO.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE, en sesión celebrada o día 23 de xaneiro de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da proposta da Alcaldía do teor literal seguinte:

PROPOSTA DA ALCALDÍA DE INCOACIÓN E TRAMITACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONCESIÓN DE HONORES E DISTINCIÓNS A FAVOR D. LUÍS PANDO RIVERO E D. LAUREANO GÓMEZ-PARATCHA, ASÍ COMO PARA DAR O SEU NOME A DÚAS RÚAS DO CONCELLO.

Coa finalidade de dar cumprimento á Lei de Memoria Histórica e recuperar a memoria das vítimas da Guerra Civil e do franquismo esta alcaldía considera que procede recoñecer os méritos que concorren nas persoas de D. Luís Pando Rivero e D. Laureano Gómez-Paratcha.

D. Luís Pando Rivero, asturiano de nacemento, foi xuíz en Vilagarcía de Arousa durante a II República. Era admirado e respectado polos veciños da vila e estaba comprometido cos valores democráticos que representou a II República. Foi fusilado en A Caeira (Pontevedra) o 4 de decembro de 1936 por defender os seus principios.

D. Laureano Gómez-Paratcha, vilagarcían, foi ministro de industria e comercio en 1933 e deputado a Cortes pola circunscrición de Pontevedra. Alcalde de Vilagarcía entre abril de 1922 e abril de 1923. Ó comezar a Guerra Civil foi sometido a consello de guerra e condenado a doce anos de cárcere debido á súa militancia republicana e galeguista.

Doutra banda, existen neste Concello rúas que aínda teñen nomes vinculados ó franquismo, polo que, en aplicación da citada lei de Memoria Histórica, procedería modificar esa nomenclatura. En homenaxe ás dúas persoas antes indicadas, propónse que a denominación de dúas rúas do Concello pase a ser rúa Luís Pando Rivero e rúa Laureano Gómez-Paratcha.

En virtude destes méritos e doutros que durante o procedemento se acreditarán, esta alcaldía propón ó Pleno da Corporación Municipal que adopte acordo no seguinte sentido:

“Iniciar e tramitar expediente de concesión de honores e distincións, de conformidade co Regulamento aprobado para tal fin, a favor de Don Luís Pando Rivero e D. Laureano Gómez-Paratcha, nomeando, a tal efecto, Xuíz Instrutor e Secretario de entre os membros desta Corporación e dar o seu nome a dúas rúas do Concello”.

Vilagarcía de Arousa, 18 de xaneiro de 2017.

Asdo.: Tania García Sanmartín

Alcaldesa en funcións

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, EU, BNG e Somos Maioría, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a Proposta da Alcaldía de incoación e tramitación de expediente de concesión de honores e distincións a favor D. Luís Pando Rivero e D. Laureano Gómez-Paratcha, así como para dar o seu nome a dúas rúas do Concello.

Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que van a dar cumprimento á Lei de Memoria Histórica, e recorda a biografía de D. Luis Pando e D. Laureano Gómez-Paratcha.

Propón o seguinte:



- D. Luis Pando Rivero, Fillo adoptivo.
- D. Laureano Gómez-Paratcha, Fillo predilecto.
Posteriormente trataríanse os temas das rúas.
Existe unha Rúa Elpidio Villaverde, monumento no Parque Miguel Hernández, e traerase o cambio de dúas rúas.

- Intervén o Sr. González Somoza dicindo que se suma a esta proposta para estas dúas persoas. É un pequeno paso que hai que seguir dando. O cadro de honra de Vilagarcía alcatrea. Agradece ás asociacións e colectivos que traballan nestes temas.

- Intervén o Sr. Ríos González dicindo que o BNG acolle de forma positiva o recoñecemento a estas dúas persoas. Coinciden na restitución da Memoria Histórica. Gómez Paratcha tivo vinculación coas Irmandades da Fala.

- Intervén o Sr. López Rodríguez dicindo que por suposto, e por fin. Este país non pode esquecer as cunetas onde están enterrados os seus antepasados. Na moción de EU sobre a Memoria Histórica traían o pulo destes temas.

O artigo 15, apartado 1) da lei di: retirar escudos, placas, etc. da ditadura.

Solicitan coñecer o cadro de honras do Concello e entenden que se retiraron as honras ao ditador e á súa consorte.

Non poden estar os executores e os executados.

En Alemania hai cartelería que se mofa do nazismo.

Alégranse desta proposta e tamén que se cambien as rúas.

- Intervén o Sr. Fole Díaz dicindo que é un longo debate, sobre todo nas rúas deste Concello. A actualización do rueiro. Con respecto ás persoas poden existir diferentes criterios. Debería entrarse en propostas para a modificación de rueiros e distincións.

Xuventudes Socialistas presentaron estas propostas e agora se traen a un Pleno baldío. Debe ser nun contexto xeral o cambio das rúas. Pode ser un estudo de tódalas rúas en conxunto.

O PP vaise abster.

- Intervén o Sr. Alcalde dicindo que as Xuventudes Socialistas o presentaron en 2012 e non se fixo nada.

Da as grazas ás familias por asistir á sesión plenaria.

Sometido a votación a proposta de nomeamento de Fillo Adoptivo (D. Luis Pando Riveiro) e Fillo Predilecto (D. Laureano Gómez-Paratcha), polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con catorce votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8), EU (3), BNG (2) e Somos Maioría (1), e sete abstencións dos membros pertencentes ao grupo político municipal do PP (7)

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a concesión do título de Fillo Adoptivo a D. Luis Pando Rivero e Fillo Predilecto a D. Laureano Gómez-Paratcha.

- Sendo as 19,10 horas ausentase da sesión a Sra. María Mochales.

6.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A IMPOSICIÓN DUNHA TAXA POLA UTILIZACIÓN OU APROVEITAMENTO DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS EMPRESAS TITULARES DE INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS OU



HIDROCARBUROS.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE, en sesión celebrada o día 23 de xaneiro de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do BNG coa data de 18 de xaneiro de 2017, do seguinte teor:

MOCIÓN RELATIVA Á IMPOSICIÓN DUNHA TAXA POLA UTILIZACIÓN OU APROVEITAMENTO DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS EMPRESAS TITULARES DE INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS OU HIDROCARBUROS

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición, para o seu debate en Pleno, relativa a abordar o estudo, tramitación e aprobación dunha taxa pola utilización ou aproveitamento do dominio público local polas empresas titulares de instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas ou hidrocarburos

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Tribunal Supremo vén de avalar en diversas sentenzas que os concellos graven as empresas titulares de instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas ou hidrocarburos pola utilización do dominio público local cun cálculo que excede o valor catastral dos terreos e que inclúe a súa utilidade.

Fronte á pretensión de anulación de diversas ordenanzas municipais que fixaron unha taxa específica con ese obxecto, emitíronse de momento cinco sentenzas que sentan doutrina dando a razón aos concellos e pechan un longo enfrontamento entre municipios e compañías, sobre todo eléctricas, que se negaban a pagar estas taxas.

Estes fallos, contrarios a Unión Fenosa, Gas Galicia e Red Eléctrica, e con impacto directo no resto do sector eléctrico e tamén noutros sectores que empregan o dominio público para o transporte de gas ou hidrocarburos, requiren que as ordenanzas fiscais regulen unha taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas e hidrocarburos. Ademais, tamén se validan os criterios empregados polos informes técnico-económicos onde se valora o solo ocupado como se esas liñas e canalizacións se tratasen de construcións a efectos de calcular a base imponible da taxa.

A Lei Reguladora das Facendas Locais estableceu en 2004 que as empresas eléctricas, de gas, de auga e hidrocarburos están obrigadas a pagar unha taxa fixada por un informe técnico-económico por atravesar o dominio público local, aínda que non os subministren. Malia esa habilitación legal, e unha vez se aprobaron ordenanzas reguladoras para fixar esa obriga de xeito concreto, as empresas non aboaron nunca dita taxa, amosando belixerancia e conflitividade xudicial contra as entidades locais que a impulsaron, negando uns recursos lexítimos ás entidades locais necesarios para poder afortalar os servizos locais.

As propias sentenzas emitidas avalan o cálculo das tarifas da taxa de acordo cun estudo técnico-económico onde se empregan como criterios para obter o seu valor a suma do valor catastral do solo rústico con construcións co valor das instalacións, e a base imponible é resultado de multiplicar ese valor do inmóbel ao coeficiente de relación co mercado e a ocupación en metro cadrado que corresponde a cada metro lineal. Así, a cota a pagar sitúase entre 3.000 euros e 12.000 euros por metro lineal no caso das instalacións de transporte eléctrico, segundo o tipo de tensión -baixa, media ou alta-, e no que atinxe ás de transporte de gas, oscila entre os 500 euros e os 4.000 euros.

Aclárase expresamente que é legal a pretensión dos concellos de gravar a utilidade que lle reporta ás empresas de enerxía, gas ou hidrocarburos a utilización privativa ou o aproveitamento especial do solo que forma parte do dominio público, con exclusión doutros usos, para unha actividade netamente industrial consistente en transportar e distribuír enerxía eléctrica (partindo dos casos axuízados nas sentenzas) mais tamén gas ou hidrocarburos (ao estenderse a dito obxecto as ordenanzas validadas xudicialmente).

Unha vez resolta a controversia xudicial a prol dos concellos, cómpre iniciar os procesos e trámites necesarios para poder facer efectiva a taxa pola utilización ou aproveitamento do



dominio público local polas empresas titulares de instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas ou hidrocarburos neste concello.

En base ao exposto, o Grupo Municipal do BNG, solicita do Pleno da Corporación Municipal de Vilagarcía de Arousa a adopción do seguinte

A C O R D O

Iniciar os estudos e xestión necesarias para a tramitación e aprobación, a través da correspondente ordenanza fiscal reguladora, dunha taxa pola utilización ou aproveitamento do dominio público local polas empresas titulares de instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas ou hidrocarburos nos termos das sentenzas do Tribunal Supremo que así o avalan.

Vilagarcía de Arousa, 12 de Xaneiro de 2017

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do BNG informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, EU e Somos Maioría, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e infórmase favorablemente a moción presentada polo grupo municipal do BNG relativa á imposición dunha taxa pola utilización ou aproveitamento do dominio público local polas empresas titulares de instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas ou hidrocarburos.

- O Sr. Ríos González le o texto da Moción.

A seguir indica que estas empresas seguen aumentando os beneficios e pide que se aprobe unha nova ordenanza ou se modifique a existente.

Mentres estes servizos estean en mans privadas débese poñer en marcha esta taxa. E xusto que paguen.

- Intervén o Sr. González Somoza dicindo que está a favor da moción. A Lei de Facendas Locais deixa marcada unha pauta e a Xustiza dalle a razón aos concellos.

Vai votar a favor.

- Intervén o Sr. López Rodríguez dicindo que hai que cobrar polo tendido eléctrico, pois por aí se transporta a enerxía eléctrica e debe ser en réxime de aluguer ou venda. Ten que haber un retorno para a cidadanía deses ingresos das empresas.

- Intervén o Sr. Fole Díaz dicindo que, lendo a moción, e pese a existir, ten competencia municipal, debe terse en conta as sentenzas aprobadas. A Lei do Sector Eléctrico de 2013 fala de tributos locais que se repercutirán nos usuarios. Di que non estudaron a fondo as sentenzas pero pode existir ese risco de aumento do recibo da luz.

No futuro que se estude polos Departamentos correspondentes.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que o PSOE apoia a iniciativa e a Concellería de Facenda viña recabando esta información, e o Concello ten equipos técnicos e xurídicos para avalar esa Ordenanza no futuro.

Están dispostos a estudar a taxa.

- Intervén o Sr. Ríos González dicindo que ao Sr. Fole e ao seu grupo lle doen os impostos a estas empresas. Non deberon privatizar estas empresas e non se debe sangrar á cidadanía.

Non debe repercutir na cidadanía.

- Intervén o Sr. Fole Díaz dicindo que o Sr. Ríos subiu o IBI ao rural, e o PP pon enriba da mesa unha Lei. Ao BNG dálles igual declararse insumisos.

Di que ten outra forma de pensar e puxo enriba da mesa un posible risco.

Pedi informes.



- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que o Sr. Fole Díaz subiu o IBI, pero as grandes empresas dóenlle. Hai 3 concellos que o aplican. Cos avais técnicos e xurídicos estudarán a proposta.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con trece votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (7), EU (3), BNG (2) e Somos Maioría (1) e sete abstencións dos membros pertencentes ao grupo político municipal do PP (7),

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo municipal do BNG e iniciar os estudos e xestión necesarias para a tramitación e aprobación, a través da correspondente ordenanza fiscal reguladora, dunha taxa pola utilización ou aproveitamento do dominio público local polas empresas titulares de instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas ou hidrocarburos nos termos das sentenzas do Tribunal Supremo que así o avalan.

7.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG CONTRA A EXCLUSIÓN SANITARIA IMPOSTA POLO REAL DECRETO LEI 16/2012, PETICIÓN DA SÚA DEROGACIÓN E RESTITUCIÓN DO ACCESO UNIVERSAL AO SISTEMA SANITARIO.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE, en sesión celebrada o día 24 de xaneiro de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta de moción presentada polo grupo municipal do BNG coa data de 18 de xaneiro de 2017, so seguinte teor:

MOCIÓN CONTRA A EXCLUSIÓN SANITARIA IMPOSTA POLO REAL DECRETO LEI 16/2012, PETICIÓN DA SÚA DEROGACIÓN E RESTITUCIÓN DO ACCESO UNIVERSAL AO SISTEMA SANITARIO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O dereito á saúde queda recollido na Constitución española no seu artigo 43, capítulo terceiro (“Dos principios reitores da política social e económica”). A sanidade é unha das competencias que poden ser delegadas ás comunidades autónomas, e son varios os Estatutos de Autonomía que recollen o principio de universalidade do acceso á atención sanitaria.

O Consello de Ministros aprobou o 20 de abril de 2012 o Real Decreto-Lei 16/2012 de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema Nacional de Saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións, polo que se puxo en marcha unha reforma estrutural do Sistema Nacional de Saúde. Con data de 4 de agosto de 2012, publicouse o Real Decreto 1192/2012 que desenvolve os requisitos e condicións das figuras de persoas aseguradas e beneficiarias do Sistema Nacional de Saúde.

Esta disposición supuxo unha transformación profunda do noso sistema sanitario. Por unha banda, reduciu a carteira básica de servizos, reducindo a achega pública sobre medicamentos, prestacións e recursos sanitarios, co conseguinte incremento do gasto para as familias. Por outra banda, modificouse o dereito de acceso ao Sistema Nacional de Saúde, supeditando o mesmo á condición de “asegurado/asegurada” ou “beneficiario/a”. Desta forma, a nova lexislación rompeu co principio fundamental de Universalidade do Sistema Nacional de Saúde. Os efectos desta medida teñen sido devastadores sobre a poboación máis vulnerábel, tal como foi documentado ao longo dos últimos anos por diversas organizacións sociais. Algúns informes recentes advirten dos numerosos casos en todo o territorio do estado de persoas que viron vulnerado o seu dereito á saúde, como consecuencia da exclusión sanitaria. Neste senso a área sanitaria de Galiza non é unha excepción en son múltiples os casos de vulneración que reportan as organizacións sociais.



Xa dende o momento da súa aprobación, o RDL 16/2012, foi contestado dende algunhas comunidades autónomas que rexeitaron a súa aplicación ou proveron mecanismos para evitar que as persoas en situación irregular, ficaran totalmente fóra do sistema sanitario. Paulatinamente, ao longo de 2015, varias comunicades autónomas aprobaron decretos, instrucións e ordes que ampliaban substancialmente o acceso ao sistema por parte destas persoas. Estas medidas non foron suficientes para revertir as consecuencias da exclusión sanitaria imposta polo Real Decreto-Lei 16/2012.

En vista da situación anteriormente descrita, faise evidente que o fin definitivo da exclusión sanitaria e a restitución dun sistema sanitario verdadeiramente universal só poden chegar a través dunha modificación legislativa de alcance estatal que leve implícita a derogación do Real Decreto-Lei 16/2012.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal de Vilagarcía de Arousa a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza a non aplicación do Real Decreto-Lei 16/2012 no noso país.
2. Instar ao Goberno do estado a derogar o Real Decreto-Lei 16/2012.
3. Enviar o presente acordo ao presidente da Xunta de Galiza, presidente do goberno do estado e portavoces dos grupos do Parlamento galego.

Vilagarcía de Arousa a , 12 de Xaneiro de 2017

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do BNG informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, EU e Somos Maioría, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e infórmase favorablemente a moción presentada polo grupo municipal do BNG contra a exclusión sanitaria imposta polo Real Decreto Lei 16/2012, petición da súa derogación e restitución do acceso universal ao sistema sanitario.

- O Sr. Ríos González le a moción e pide a non aplicación do RDL 16/2012.

- O Sr. González Somoza di que lle parece ben esta moción. O PP implantou recortes e medidas. Aí está o tema da hepatitis C.

- Intervén o Sr. López Rodríguez dicindo que EU apoia a moción. Hai campañas que non cobren a toda a poboación e poden saír novas enfermidades. Débese derogar esa exclusión sanitaria.

- Intervén a Sra. Llovo del Río dicindo que esta moción se trouxo xa fai oito meses. A trouxo o PSOE , EU e agora o BNG. Houbo unhas eleccións xerais, agora hai un novo Goberno en España e Galicia, refrendado pola cidadanía.

Na sanidade hai moito que facer e se tendeu a man para un consenso pola sanidade e en España temos a mellor a sanidade de toda Europa.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que é a mellor sanidade grazas ao traballo do persoal sanitario. A Sra. Cifuentes da sanidade a inmigrantes, suspendida polo Sr. Rajoy.

O PSOE aprobou a sanidade pública universal. O PP meteu man na sanidade e excluíu a moitas persoas e iso son as consecuencias do seu goberno.

Van pedir que non se aplique o RDL 16/2012.

Apoian a moción.

- Intervén o Sr. Ríos González dicindo que todos os temas públicos non lle interesan ao PP. O **BNG** non está en Madrid e se tiveran a maioría absoluta isto non pasaría.



- Intervén a Sra. Llovo del Río dicindo que 600.000 galegos depositaron a súa confianza no PP. Di que é enfermeira e aquí representa ao PP, a sanidade pública é a mellor e se atende a todas as persoas con todo tipo de necesidades.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo á Sra. Llovo del Río que grazas á profesionalidade do persoal sanitario se atende a todo o mundo, pero se exclúe ás persoas en situación irregular.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con trece votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (7), EU (3), BNG (2) e Somos Maioría (1), e sete votos en contra dos membros pertencentes ao grupo político municipal do PP (7),

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo municipal do BNG e:

1. Instar á Xunta de Galiza a non aplicación do Real Decreto-Lei 16/2012 no noso país.
2. Instar ao Goberno do estado a derogar o Real Decreto-Lei 16/2012.
3. Enviar o presente acordo ao presidente da Xunta de Galiza, presidente do goberno do estado e portavoces dos grupos do Parlamento galego.

9.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDG-PSOE SOBRE DESENVOLVEMENTO DA LEI DE DEPENDENCIA.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE, en sesión celebrada o día 23 de xaneiro de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do PSG-PSOE coa data de 18 de xaneiro de 2017, do seguinte teor:

MOCIÓN: DE DESENVOLVEMENTO DA LEI DE DEPENDENCIA

Tania García Sanmartín, na súa condición de voceira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Vilagarcía de Arousa comparece e como mellor en dereito proceda DI:

Ao abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 39/2006, do 14 de decembro de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, acaba de cumprir 10 anos cunha bagaxe certamente pobre, e cunhas complicadas perspectivas de futuro ligadas indefectiblemente ao déficit de financiamento, e tamén ás trabas burocráticas dunha lexislación que naceu para facer fronte á delicada situación de cidadáns e cidadás que non poden valerse por si mesmos e a das súas familias e cuidadores. Así, aos recortes orzamentarios e normativos do Goberno de España do PP, en Galicia sumóuselle a vontade do Goberno de Feijoo en apuntalar o desmantelamento do sistema. Aos reiterados incumprimentos da lexislación vixente, coa tardanza en realizar as avaliacións, a resolución das mesmas con graos menores para aforrar custes ou sinxelamente avaliacións sen grao, a perda do dereito de seren atendidas as persoas avaliadas co grao I, e o atraso da atención ás persoas en situación de dependencia moderada, súmanse ás reducións das prestacións económicas, o incremento dos copagos para as persoas usuarias, o empeoramento dos servizos de axuda a domicilio, etc.



O último informe que analiza a aplicación da Lei de dependencia por autonomías revela que en Galicia tralas valoracións, nas que establece o grao de dependencia dunha persoa e os servizos aos que ten dereito, hai en torno a 65.000 galegos e galegas que teñen dereito a unha prestación, cando as solicitudes ascenden a máis de 80.000. Unha cuarta parte dos que teñen dereito a unha prestación, 18.000 persoas, a pesares de ter un grao de dependencia recoñecida e unha prestación asignada, aínda están á espera de recibila. Galicia está segundo os últimos datos do Ministerio de Sanidade e Servizos Sociais, entre as oito comunidades con maior porcentaxe de dependentes á espera dunha axuda.

Nos derradeiros anos incrementáronse os preitos contra a Xunta de Galicia debido ás denegacións ou retrasos na percepción desta prestación asistencial, abocando en moitos casos aos familiares dos dependentes a pagar do seu peto as atencións aos seus que están na casa sen poder valerse por se mesmos, e que carecen de medios económicos para contratar coidadores privados.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE de Vilagarcía de Arousa, somete a consideración do Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Instar á Xunta de Galicia a:

1. Poñer en marcha, durante o primeiro semestre de 2017, un plan urxente para sacar da lista de espera as máis de 18.000 persoas que nestas datas teñen os dereitos recoñecidos e non perciben ningún servizo ou prestación polo seu nivel de dependencia.
2. Establecer a garantía de xestión pública da valoración, seguimento e inspección, así como reforzar a xestión pública do sistema, priorizando a titularidade pública dos recursos sociais.
3. Asegurar que na determinación do sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do custo dos servizos, establecido no Decreto 149/2013, non haberá durante a X Lexislatura novos copagos nin incremento dos xa existentes.
4. Dar traslado deste acordo ao Presidente da Xunta de Galicia e aos voceiros dos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia.

Instar ao Goberno do Estado a:

1. Recuperar os principios inspiradores da Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, para o adecuado cumprimento dos seus obxectivos.
2. Modificar a lei para eliminar as medidas incorporadas dende o ano 2012, suprimindo as restricións en materia de incompatibilidades e coidados familiares, garantindo o aceso con carácter universal e con equidade.
3. Cumprir co financiamento que determina a lei, así como devolver a nosa comunidade o que adebeda pola supresión do nivel acordado, e o retallo do nivel mínimo recollidos no Real decreto lei 20/2012.
4. Incorporar, con carácter inmediato, ao Réxime Xeral da Seguridade Social aos coidadores familiares das persoas en situación de dependencia.

Vilagarcía de Arousa, 18 de xaneiro de 2017

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, EU, BNG e Somos Maioría, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a Moción presentada polo grupo municipal do PSdG-PSOE sobre desenvolvemento da Lei de Dependencia.



- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que hai 65.000 galegos/as con dereito á prestación de dependencia. A tramitación é moi lenta, as valoracións tardan moito tempo. A Xunta de Galicia debe poñer financiamento e o Estado tamén.
Pide o apoio á moción.

- Intervén o Sr. González Somoza dicindo que está a favor. Hai demora nas valoracións e nos recoñecementos dos dereitos económicos.

- Intervén o Sr. Ríos González dicindo que o BNG denunciou dende fai tempo estas carencias. Hai recortes que veñen denunciando. Están a favor da moción.

- Intervén o Sr. López Rodríguez dicindo que os recortes son para os mais débiles. O coidador tiña dereitos laborais. Se retrasan as valoracións agora.
Queren denunciar que os grandes dependentes son revisados para aforrar cartos.
EU apoia a moción.

- Intervén a Sra. Suárez Sarmiento di que a Lei de Dependencia foi aprobada polo goberno de Zapatero no ano 2006, sen diñeiro. No ano 2011 so un pequeno número de persoas tiñan a dependencia. Non se admitiu a crise. Hai atendidas 49.000 persoas dependentes. A axuda a domicilio foi reforzada pola Xunta de Galicia.
A Xunta de Galicia destina 229.000.000 € máis ás persoas no 2017 que en 2016. A Xunta de Galicia incorporou as libranzas. Non se pode dicir que os/as funcionarios/as retrasan valoracións porque o manda o político, non o cre.
Non están de acordo con ese planteamento derrotista e o PP vai a absterse.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que o PP votou en contra do punto 7 da orde do día do Pleno. A realidade e os que faleceron sen a prestación. ¿Canto se reduciu en armamento? Detrás hai negocio. Hospital Alvaro Cunqueiro, é un exemplo de mala xestión.
Que non falen de sensibilidade dende o PP.

- Intervén a Sra. Suárez Sarmiento contestando que teñan valor e municipalicen a axuda ao fogar de Vilagarcía de Arousa.

- Intervén o Sr. Alcalde dicindo que hai que ter o informe de Intervención favorable.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con trece votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (7), EU (3), BNG (2) e Somos Maioría (1), e sete abstencións dos membros pertencentes ao grupo político municipal do PP (7),

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo municipal do PSG-PSOE e, instar á Xunta de Galicia a:

1. Poñer en marcha, durante o primeiro semestre de 2017, un plan urxente para sacar da lista de espera as máis de 18.000 persoas que nestas datas teñen os dereitos recoñecidos e non perciben ningún servizo ou prestación polo seu nivel de dependencia.
2. Establecer a garantía de xestión pública da valoración, seguimento e inspección, así como reforzar a xestión pública do sistema, priorizando a titularidade pública dos recursos sociais.
3. Asegurar que na determinación do sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do custo dos servizos, establecido no Decreto 149/2013, non haberá durante a X Legislatura novos copagos nin incremento dos xa existentes.



4. Dar traslado deste acordo ao Presidente da Xunta de Galicia e aos voceiros dos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia.

Instar ao Goberno do Estado a:

1. Recuperar os principios inspiradores da Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, para o adecuado cumprimento dos seus obxectivos.
2. Modificar a lei para eliminar as medidas incorporadas dende o ano 2012, suprimindo as restricións en materia de incompatibilidades e coidados familiares, garantindo o acceso con carácter universal e con equidade.
3. Cumprir co financiamento que determina a lei, así como devolver a nosa comunidade o que adebeda pola supresión do nivel acordado, e o retallo do nivel mínimo recollidos no Real decreto lei 20/2012.
4. Incorporar, con carácter inmediato, ao Réxime Xeral da Seguridade Social aos coidadores familiares das persoas en situación de dependencia.

10.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDG-PSOE SOBRE DESENVOLVEMENTO DA LEI DE INTEGRACIÓN SOCIAL DE GALICIA.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE, en sesión celebrada o día 23 de xaneiro de 2017, do seguinte teor:

MOCIÓN: DESENVOLVEMENTO DA LEI DE INTEGRACIÓN SOCIAL DE GALICIA

Tania García Sanmartín, na súa condición de voceira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Vilagarcía de Arousa comparece e como mellor en dereito proceda DI:

Ao abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O indicador AROPE desenvolvido na Estratexia 2020 da Unión Europea para medir o risco de pobreza ou de exclusión social arroxa datos que seguen sendo alarmantes: en termos absolutos hai en Galicia máis de 530.000 persoas en risco de pobreza, unha porcentaxe que aumentou en catro puntos o pasado ano, sendo a nosa unha das catro comunidades autónomas onde maior foi este incremento.

Segundo os datos do terceiro trimestre do 2016, Galicia ten unha taxa de protección por desemprego do 26,5 %, 12,1 puntos menos que en 2011, soamente unha de cada catro persoas paradas percibe prestacións, trece de cada catorce mozos, e tres de cada catro mulleres están desprotexidas. No último ano o número de fogares sen ningún ingreso, salarios, nin pensións, nin subsidios, aumentou en 5.000 e afecta xa a 35.000 fogares en Galicia, un incremento do 17,7 % mentres en España diminúen un 7,7 % con respecto ao ano 2015. Hai 75.000 fogares (225.000 persoas) con todos os seus membros en paro.

Todo isto unido aos baixos salarios, Galicia atópase entre as catro comunidades autónomas con menor salario medio de España, conleva a que a un 4,2 % da poboación estea en situación de privación material severa (case un 14 % de galegos e galegas que non poden manter a vivenda cunha temperatura axeitada, un 1,2 % que non pode permitirse unha comida de carne, polo ou peixe cada dous días cando menos, un 27,4 % non teñen capacidade para afrontar gastos imprevistos....)

Cifras que non fan máis que reflectir a realidade que se vive cada día nos bancos de alimentos, nos albergues, nos servizos sociais dos concellos que se vén desbordados polas axudas de emerxencia e solicitudes da Risga que reciben, en moitos casos de persoas que perderon os seus postos de traballo, en outros de traballadores e traballadoras cuxos salarios non chegan nin



para cubrir as necesidades básicas, desa nova clase social de traballadores e traballadoras pobres.

Esta situación é a proba de que as medidas de apoio efectivo ás familias e persoas postas en marchas polo Goberno do Sr. Feijoo para previr a marxinação e favorecer a inclusión social son insuficientes, e nalgúns casos practicamente inexistentes; falla de políticas efectivas de acceso a vivendas sociais para familias con rendas baixas ou carentes delas; longa tramitación burocrática que provoca un atraso na percepción da Risga, con requisitos de acceso que non contemplan todas as situacións de nova pobreza que se están producindo, e que satura ao persoal dos concellos; proxectos individualizados de inserción que non funcionan como tal na maioría dos casos, polo que se van cronificando moitas situacións de pobreza.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE de Vilagarcía de Arousa, somete a consideración do Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1. Poñer en marcha durante a X Lexislatura do Parlamento de Galicia un sistema de garantía de ingresos.
2. Vincular a percepción de subsidios, rendas, axudas,...á situación laboral, incluída a nova pobreza das persoas que traballan.
3. Considerar a Risga como dereito subxectivo, establecendo liñas de axuda con enfoques sociolaborais distintos: con prazos urxentes e medidas de choques para casos de emerxencia, para persoas con discapacidades ou incapacidades que non accedan a unha pensión non contributiva nin tampouco a unha incapacidade contributiva, e para persoas dependentes de prestacións sociais pero con perfís de accesibilidade ao mercado laboral.
4. Publicar antes de que remate este período de sesións o decreto ou decretos de desenvolvemento regulamentario da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, clarificando os criterios de acceso á Risga, para evitar a discrecionalidade na aplicación da lei.
5. Analizar as causas polas que a renda de inclusión social non chega para cubrir as necesidades da poboación obxectivo (segundo datos do terceiro trimestre do ano 2016, en Galicia hai 35.000 fogares sen ningún tipo de ingresos, e tan só arredor de 10.000 persoas perceptoras da Risga).
6. Poñer en marcha, de maneira urxente, un plan de choque de loita contra a pobreza e exclusión social, dotado presupostariamente, que teña como poboación obxectivo os fogares sen ningún ingreso.

Vilagarcía de Arousa, 18 de xaneiro de 2017

Asdo. A Portavoz do Grupo Municipal Socialista

Os/as representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, EU, BNG e Somos Maioría, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a Moción presentada polo grupo municipal do PSdG-PSOE sobre desenvolvemento da Lei de Integración Social de Galicia.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que en Galicia hai 350.000 persoas en risco de pobreza. Cada vez máis persoas teñen que acceder ao RISGA. Os prazos melloraron, pero hai que reformular moitos temas. Unha persoa cun contrato de traballo cunhas horas á semana non pode acceder ao RISGA neste momento.

O Plan de Emprego das persoas de RISGA propónse ampliar a xornada laboral neste Concello.

- Intervén o Sr. González Somoza dicindo que está a favor da moción.

Di que fan moi bo traballo no Departamento de Servizos Sociais do Concello. A Xunta de Galicia pon trabas á RISGA.



- Intervén o Sr. Ríos González dicindo que isto é unha consecuencia dos recortes laborais dos gobernos e das políticas económicas seguidas polo PP. Os ricos son máis ricos e os pobres máis pobres.

- Intervén o Sr. López Rodríguez dicindo que EU apoia a moción. O 19 de xaneiro no Congreso dos Deputados presentábase unha iniciativa nunha liña moi similar a esta moción.

- Intervén a Sra. Suárez Sarmiento dicindo que a taxa do risco de pobreza en Galicia está por debaixo do conxunto do Estado. Se reduciu o número de persoas que non chegan a fin de mes. Se incrementou un 40% dende o ano 2009 o diñeiro destinado á RISGA.

Danlle premios corazón de pedra a Pontevedra por destinar pouco ás axudas sociais.

En risco de pobreza ou exclusión social son 15 puntos por enriba da media nacional en Andalucía. O 60% dos pensionistas andaluces viven por debaixo do nivel de pobreza.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que aos resultados electorais se remite. Susana Díaz declarouse insumisa á Lei de Rajoy e da asistencia sanitaria universal en Andalucía

Deben falar coa cidadanía para saber a realidade.

Propón medidas para mellora a calidade de vida das persoas.

- O Sr. Ríos González di que a Sra. Suárez menciona a Pontevedra e faille graza. A cidade máis humanizada e de mellor nivel socioeconómico, gobernada polo BNG.

- A Sra. Suárez Sarmiento di que Pontevedra está preciosa pero non humaniza ás persoas. Ese premio de Pontevedra o propuxeron os Directores de Servizos Sociais.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con trece votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (7), EU (3), BNG (2) e Somos Maioría (1), e sete abstencións dos membros pertencentes ao grupo político municipal do PP (7),

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción do grupo municipal do PSG-PSOE e instar á Xunta de Galicia a:

1. Poñer en marcha durante a X Lexislatura do Parlamento de Galicia un sistema de garantía de ingresos.
2. Vincular a percepción de subsidios, rendas, axudas,...á situación laboral, incluída a nova pobreza das persoas que traballan.
3. Considerar a Risga como dereito subxectivo, establecendo liñas de axuda con enfoques sociolaborais distintos: con prazos urxentes e medidas de choques para casos de emerxencia, para persoas con discapacidades ou incapacidades que non accedan a unha pensión non contributiva nin tampouco a unha incapacidade contributiva, e para persoas dependentes de prestacións sociais pero con perfís de accesibilidade ao mercado laboral.
4. Publicar antes de que remate este período de sesións o decreto ou decretos de desenvolvemento regulamentario da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, clarificando os criterios de acceso á Risga, para evitar a discrecionalidade na aplicación da lei.
5. Analizar as causas polas que a renda de inclusión social non chega para cubrir as necesidades da poboación obxectivo (segundo datos do terceiro trimestre do ano 2016, en Galicia hai 35.000 fogares sen ningún tipo de ingresos, e tan só arredor de 10.000 persoas perceptoras da Risga).



6. Poñer en marcha, de maneira urxente, un plan de choque de loita contra a pobreza e exclusión social, dotado presupostariamente, que teña como poboación obxectivo os fogares sen ningún ingreso.

11. INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

12. MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

13. ROGOS E PREGUNTAS. Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse os seguintes rogos e preguntas:

- O Sr. González Somoza fai os seguintes rogos e preguntas:

- 1) Mellorar as canastras pequenas do Pavillón de Castelao.
- 2) Abrir as prazas reservadas aos Concelleiros en Praza Ravela ao Público os sábados.
- 3) Fíxose público polo Concello un vídeo en FITUR sen autorización das persoas.

- O Sr. Alcalde contesta que son imaxes facilitadas por entidades, realizado por unha empresa externa e retirouse o vídeo. Foi un erro involuntario.

- O Sr. Fole Díaz di que onte estaba circulando polo Centro Social de Vilaxoán un prego de condicións para adxudicar a cafetería, e promovido pola AAVV.

- O Sr. Alcalde contesta que comunicaron á AAVV que paralizaran ese tema.

14. QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE O PÚBLICO ASISTENTE Á SESIÓN.

Por parte do público asistente fórmulanse rogos e preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, ás 20:45 horas, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.